

D I T A M E

*Ditame*  
**5/07**

sobre o anteproxecto de  
Lei de  
**ordenación da minaría**  
de Galicia



**APROBADO POLO PLENO O 10 DE MAIO**



Este documento está tamen dispoñible en  
**[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)**

## ■ ANTECEDENTES

**1.-** Con data 26 de febreiro de 2007, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio do Presidente da Xunta de Galicia, sometendo á consideración deste organismo o anteproxecto de Lei de Ordenación da Minaría de Galicia, para que polo Consello se emitira ditame de natureza preceptiva que defina a posición dos axentes económicos e sociais representados no Consello no intento de enriquece-lo texto normativo.

**2.-** O texto do anteproxecto de lei foi remitido nesa mesma data ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1, *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente para emitilo ditame por razón de materia. Á vez, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da citada entrada e remisión do texto do borrador.

**3.-** O día 28 de febreiro de 2007 o presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o 6 de marzo para programar as sesións co fin de inicia-lo traballo de reflexión sobre a proposta de ditame.

**4.-** Tras o estudio do texto remitido pola Consellería, a Comisión Sectorial 1ª, na súa sesión 15/07, de data 4 de maio, aprobou a proposta de ditame e remitiuna ao Presidente do Consello para a súa tramitación.

**5.-** O Pleno do Consello, na súa sesión 3/07, celebrada en data 10 de maio, acorda aprobar por unanimidade o seguinte:

### **DITAME**

***sobre o anteproxecto de Lei de Ordenación da Minaría de Galicia.***

## ■ ESTRUCTURA E CONTIDO

O anteproxecto obxecto de ditame está composto por 66 artigos agrupados en seis Títulos, catro Disposicións Adicionais, unha Disposición Transitoria, unha Disposición Derrogatoria e cinco Disposicións Derradeiras.

O presente anteproxecto de lei ten por obxecto o desenvolvemento do réxime xurídico das actividades mineiras en Galicia en condicións de sostiabilidade e seguridade, promovendo un aproveitamento racional compatible coa protección do medio ambiente.

O anteproxecto de lei sometido a ditame, tal como se sinalou anteriormente, consta de seis Títulos, dentro dos que o Título I establece o obxecto, ámbito de aplicación e principios orientadores. No Título II defínese o reparto de competencias entre os diversos órganos da xunta e regúlase a estrutura organizativa específica, nomeadamente o Consello da Minaría de Galicia e os Rexistros pertinentes.

O Título III establece o Plano da Minaría de Galicia como máximo instrumento de planificación da política mineira.

O Título IV regula o procedemento de outorgamento e contido dos dereitos mineiros.

O Título V regula o fomento da minaría, orientando a acción da Administración cara a innovación tecnolóxica que permita a mellora no aproveitamento dos recursos mineiros, a minimización dos residuos e emisións e o peche dos ciclos produtivos.

O Título VI establece as previsións necesarias para efectuar a inspección mineira con plenas garantías para os administrados e para unha adecuada determinación dos feitos. Tamén recolle unha regulación específica dalgúns aspectos do réxime sancionador e o catálogo de infraccións e sancións.

## ■ CONSIDERACIÓNS XERAIS

**1.-** O CES considera necesario que os anteproxectos de lei sometidos ao seu ditame, especialmente cando teñan incidencia económica, se acompañen da memoria económica e da memoria xustificativa correspondentes.

**2.-** O artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, regula entre as funcións do CES, a de elaborar ditames de carácter preceptivo sobre anteproxectos de Lei que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Sen embargo a Disposición Derradeira Primeira da nomeada lei, deixa a salvo as funcións atribuídas ao Consello Galego de Relacións Laborais pola súa normativa específica, entre as que se atopa a de elaborar ditame de carácter preceptivo sobre os proxectos normativos dos organismos da Xunta de Galicia en materia de política laboral.

Por todo o sinalado, o CES considera que os preceptos relacionados a continuación, ao tratar materia de política laboral, deberían quedar excluídos do ditame do Consello Económico e Social, e entende necesario comunicar á Xunta de Galicia, a conveniencia de que se remita ao Consello Galego de Relacións Laborais:

- Apartado **h)** do **artigo 14**.
- **Artigo 41**.
- No **Art. 43**, primeiro enunciado do **apartado 3** e segundo ítem do **apartado 4**.
- Os dous parágrafos da letra **c)** do **Art. 50**.
- O apartado **3** do **Art. 54**.
- Parcialmente, no que atinxen á prevención de riscos laborais, a letra **a)** do **Art. 58**, a letra **a)** do **Art. 59** e a letra **b)** do **Art. 60**.

Por outra banda, o CES considera que, dada a evidente relación destes preceptos coa seguridade e saúde laboral, sería necesario sometelos tamén a informe do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

3.- O CES considera que, para unha maior claridade da norma, o presente anteproxecto de lei debería incluír, dentro do seu articulado, as definicións de aqueles conceptos técnicos empregados no texto, como “os establecementos de beneficio”, ou os xacementos minerais e demais recursos minerais que se integran en cada unha das seccións A, B, C e D.

4.- O CES considera fundamental o uso correcto do idioma nos textos oficiais, polo que entende que ten que aplicarse a normativa vixente en materia lingüística.

5.- En relación co **Capítulo I do Título VI**, relativo á Inspección mineira, o CES entende que sería necesario establecer vías de colaboración da Inspección de Minas e a Inspección de Traballo, así como contar en materia de Prevención de Riscos Laborais cos Gabinetes Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral, facendo efectivo o principio de colaboración establecido no artigo 3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

## ■ CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

**1.-** O CES considera que na **exposición de motivos** do presente anteproxecto de lei, no seu último parágrafo, debería figurar que foi sometido a ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

**2.-** O **artigo 1** regula o obxecto da lei.

O CES considera que se debería substituír a expresión “*Esta lei*” por “*A presente lei*”.

**3.-** O **artigo 2** do anteproxecto de lei sometido a ditame deste Consello establece o ámbito de aplicación do mesmo.

En opinión do CES, debería substituír a expresión: “*1. Esta lei é de aplicación ás seguintes actividades:*” por “*1. A presente lei é de aplicación ás materias e actividades seguintes:*”

En opinión do CES, no **apartado 2** do artigo debería substituír a expresión: “*2. Quedan fóra do ámbito de aplicación da presente lei:*” por “*2. Están excluídas do ámbito de aplicación da presente lei as seguintes materias:*”

O **apartado 1 f)** do nomeado **artigo 2** sinala que este anteproxecto é de aplicación “*á actividade administrativa de apoio para a mellora e innovación nas actividades mineiras co fin de diminuír o impacto sobre os recursos naturais e a valorización integral dos recursos producidos na procura do peche produtivo en Galicia*”.

O CES entende que a última frase do citado apartado debería dicir: “*(...) integral dos recursos producidos na procura do peche do ciclo produtivo en Galicia*”, expresión xa citada na exposición de motivos do presente anteproxecto de lei.

**4.- O artigo 3** do anteproxecto de lei sometido a ditame regula os principios inspiradores da lei.

O CES entende necesario engadir como principio a mellora das condicións de seguridade e saúde laborais.

**5.- O artigo 4** regula as competencias do Consello da Xunta.

O CES entende que no **apartado f)** do **artigo 4**, debería substituírse a expresión “*f) Realizar a declaración de Concellos Mineiros*” por “*f) Aprobar a declaración de Concellos Mineiros*”.

**6.- O artigo 6** do anteproxecto regula a creación e réxime xurídico do Consello da Minaría de Galicia.

No **apartado 1** do **artigo 6** repítese a frase “*en materia de minaría*”, polo que o citado apartado debería rematar coa expresión “*competente na materia*”.

Para maior claridade do artigo, evitando a confusión entre a creación e o réxime xurídico do Consello, o segundo parágrafo do apartado 1 do artigo debería ser o comezo do apartado 2 do mesmo.

O nomeado **artigo 6** establece que o Consello da Minaría de Galicia será un órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento da Administración nesta materia, indicando que a súa organización, réxime xurídico e o carácter dos seus informes determinaranse regulamentariamente.

O CES entende que o réxime xurídico do Consello, así como o carácter legal dos seus informes, deberían quedar delimitados na lei que o crea.

**7.- O artigo 7** regula as funcións do Consello da Minaría de Galicia.

O CES entende que se debería de incluír un novo **apartado i)** no que se establecesen como funcións, todas aquelas que sexan aprobadas mediante norma legal.

O CES considera que se debería de engadir un novo **apartado 1)** no que se estableza como función do Consello da Minaría de Galicia a de: *“Coñecer e, de ser o caso, informar sobre os procedementos establecidos no Título IV: Dereitos Mineiros, do presente anteproxecto de lei”*.

**8.- O artigo 8** do anteproxecto de Lei de Ordenación da Minaría de Galicia establece a composición do Consello da Minaría de Galicia.

En relación á representación das organizacións sindicais e empresariais no Consello da Minaría de Galicia, o CES entende que se debería de ter presente a existencia dunha normativa legal que regula a participación das nomeadas organizacións nos organismos que teñan prevista participación institucional dos interlocutores sociais, polo que debería preverse a participación das asociacións empresariais e organizacións sindicais máis representativas de Galicia.

O **apartado 2** do **artigo 8** determina que o nomeamento dos membros electivos do Consello e dos seus suplentes será por un período de dous anos.

O CES entende que o mandato debería establecerse para períodos de catro anos, coincidindo así coa duración do ciclo común de convocatorias electorais.

Tanto no **apartado 1** como no **apartado 2** do nomeado artigo 8, faise referencia ao conselleiro ou conselleira competente en materia de minaría.

O CES considera máis axeitado utilizar a expresión: *“a persoa titular da consellería competente”*.

**9.- O artigo 10** do anteproxecto de lei obxecto de ditame regula o rexistro de solicitudes de dereitos mineiros.

O CES entende que, coa finalidade de garantir que se coñeza previamente se un proxecto ou plan de actuación sobre o territorio pode afectar a un dereito mineiro preexistente e de qué forma, o rexistro de solicitudes de dereitos mineiros debería ser de consulta obrigatoria para a elaboración e execución daqueles proxectos e plans que afecten ou poidan afectar a dereitos rexistrados.

**10.- O artigo 11** regula o Plano da Minaría de Galicia.

En opinión do CES, a regulación proxectada non permite coñecer con certeza o alcance do Plan de que se trata respecto da ordenación do territorio e os usos do solo, polo que o CES considera que estes aspectos deberían ser regulados nun Plan sectorial de actividades extractivas, ao amparo da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e da Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia.

O **apartado 3** do nomeado **artigo 11** sinala que o Plano da Minaría de Galicia terá unha vixencia de cinco anos.

O CES entende que a vixencia do Plano da Minaría debe ser dun prazo mínimo de 15 anos, e revisarse cada 5 anos, considerándose desde o CES que a vixencia de 5 anos que se indica no anteproxecto obxecto de ditame resulta totalmente inadecuada ás características do sector mineiro.

**11.- O artigo 12** regula a elaboración do Plan da Minaría de Galicia.

O CES considera que se debería modificar o segundo parágrafo do **apartado 3** do **artigo 12**, do seguinte xeito: *“Finalizada a fase de consultas elaborárase una memoria ambiental onde se fixarán as directrices sobre recuperación medioambiental e uso final dos solos, co obxecto de valorar a integración dos aspectos ambientais na proposta de plano.”*

**12.- O artigo 13** do anteproxecto de Lei de Ordenación da Minaría expón os criterios reguladores da planificación mineira.

O CES entende que, co obxecto de constituír unha base fundada para establecer un Plano da Minaría que garantise un desenvolvemento sostible da minaría galega, deberían incluírse como novos criterios orientadores do Plano da Minaría de Galicia os seguintes:

- a) A identificación de zonas con potencial mineiro.
- b) A toma en consideración do carácter temporal da explotación mineira ao respecto da ordenación do territorio.
- c) A utilización das melloras técnicas dispoñibles para a restauración, ao

facilitar o uso beneficioso posterior e sostible dos terreos, evitando o seu abandono e buscando outra utilidade social.

d) A preservación dos recursos minerais para xeracións futuras, mediante a promoción, o uso racional e eficiente dos recursos en explotación, a minimización dos recursos, os reciclados, e a promoción de usos de materiais alternativos.

Por outra banda, o CES considera que se debería de modificar o **apartado h)** do nomeado **artigo 13**, quedando redactado do seguinte xeito:

***“h) O asesoramento, información e colaboración coas administracións locais, entes privados e organizacións empresariais e sindicais en cuestións relacionadas coas actividades mineiras e o desenvolvemento empresarial.”***

### **13.- O artigo 16** do anteproxecto de lei regula os dereitos mineiros.

O CES considera que se debería incluír, dentro dos dereitos mineiros, a mención expresa dos aproveitamentos dos recursos da sección A), destinados a obras públicas, dirixidas ou inspeccionadas por organismos dependentes do Ministerio ou Consellería competentes en materia de obras públicas.

### **14.- O artigo 18** do anteproxecto de lei regula as solicitudes de dereitos mineiros.

O **apartado 1 a)** do **artigo 18** establece que, dentro da documentación a incluír coa solicitude de dereitos mineiros, está o *“modelo normalizado de solicitude”*.

O CES estima necesario establecer a persoa, física ou xurídica, que debe asinar o modelo de solicitude, así como si se debe acreditar a personalidade, e, sendo así, a través de que medios.

O **apartado 1 e)** do **artigo 18** establece que, dentro da documentación a incluír coa solicitude de dereitos mineiros, está o *“Plano de restauración do espazo afectado polas actividades mineiras”*.

En opinión do CES, non se inclúe un Plan de cese de actividades mineiras, desmantelamento de instalacións, recuperación de terreos afectados e reutili-

zación destes, co que resulta difícil entender en base ao que se recolle logo, no artigo 29 f): “*as medidas relativas ao peche definitivo e abandono da explotación*” como contido do dereito mineiro”.

A importancia deste *Plan de Cese de Actividades* queda posta de manifesto polo feito de que permitiría levar a cabo unha dotación económica destinada a este fin ao longo da vida da explotación e evitaría ter que prestar avais, que constitúen capitais inmovilizados que non producen rendas á Administración e que comprometen a solvencia financeira das empresas.

Complementariamente, introduciríase o concepto da reutilización dos terreos, pois o CES considera que os espazos resultantes poderían prestar servizos moi importantes á nosa sociedade, como por exemplo lagoas nas que poden ter o seu hábitat fauna acuática e aves, ou como posible zona de recepción de materiais sobrantes de escavación ou como áreas residenciais e/ou urbanas naqueles casos no que o avance das cidades obriga a formular estas solucións.

Por outra banda, o CES considera que se debería incorporar expresamente, entre a documentación que debe acompañar ás solicitudes de dereitos mineiros, a das liñas básicas do Plan de Prevención de Riscos Laborais.

Finalmente, o CES entende que se debería de engadir un novo subapartado ao apartado 1 do artigo 18 na liña da seguinte proposta:

**“1) *Proposta de reversión dos terreos afectados, se é o caso.*”**

**15.- O artigo 20** do anteproxecto regula as condicións especiais da solicitude de dereitos mineiros da sección B).

En opinión do CES, debería recollerse neste artigo a posibilidade de solicitar a declaración dos ocos resultantes das canteiras como recursos da sección B), ou alternativamente da sección C), que non se regulan na Lei de Minas estatal, e que poderían cumprir unha importante misión no “*uso ordenado do territorio*”.

**16.- O artigo 23** do anteproxecto establece, dentro do procedemento de outorgamento dos dereitos mineiros, o informe municipal preceptivo.

O **apartado 2** do **artigo 23** expón que, no caso de non emitirse informe no prazo sinalado, dous meses, poderase proseguir as actuacións; sen embargo, se o informe é emitido fóra de prazo pero recibido antes do outorgamento dos dereitos mineiros, deberá ser valorado na súa resolución polo órgano mineiro competente.

O CES considera que este réxime permite que o prazo máximo para emisión do informe municipal poda ser superado, co que deixa de ser máximo, cando no apartado 1 do presente artigo 23 parecía ter carácter preclusivo. Por todo o sinalado, o CES estima que se debería ampliar nun mes o prazo establecido no apartado 1 do presente artigo 23, pechando a posibilidade de que se poida valorar o nomeado informe si se emite fóra de prazo.

**17.- O artigo 24** regula os informes autonómicos preceptivos.

En coherencia co expresado na consideración anterior ao artigo 23, o CES entende que se debería eliminar o **apartado 2** do nomeado **artigo 24**.

**18.- O artigo 25** do anteproxecto de Lei de Ordenación da Minaría de Galicia regula a compatibilidade de dereitos mineiros con usos de interese pública.

O CES entende que se debería modificar o **apartado 2 b)** do **artigo 25** do seguinte xeito:

***“b) A súa incidencia nos contornos natural e social, a paisaxe e o medio rural”.***

Por outra banda, o CES entende que a regulación dun **procedemento de prevalencia**, que estableza legalmente un mecanismo de ponderación único para os cada vez máis frecuentes conflitos de intereses entre utilidades públicas, é unha esixencia declarada doutrinal e xurisprudencialmente (Sentencia do TSG, sección 3ª, nº 1034/2000). O CES considera que o procedemento, seguindo as pautas doutrinarias e xurisprudenciais, debería integrar:

- Un estudo de compatibilidade ou incompatibilidade, que inclúa os correspondentes informes técnicos e audiencia aos interesados.

- A declaración de compatibilidade ou incompatibilidade debidamente motivada.
- A declaración de prevalencia, tamén debidamente motivada; e en caso de que corresponda,
- A indemnización de danos causados pola incompatibilidade e declaración de prevalencia.

En consecuencia, o CES estima necesario que no articulado do presente anteproxecto de lei sometido a ditame se contemple, de forma específica, o procedemento de prevalencia, para o que se propón o seguinte texto:

*“Cando novos dereitos aos usos públicos afecten a un dereito mineiro preexistente tamén se instará o procedemento de compatibilidade e incompatibilidade.*

*O Procedemento de Prevalencia incluírá a resolución do procedemento de compatibilidade ou incompatibilidade dos traballos respectivos, oíndo as partes e pronunciándose a autoridade competente sobre a prevalencia dun ou doutro dereito, dende a perspectiva da utilidade pública. E isto é porque a declaración de utilidade pública leva implícita a necesidade de ocupación de bens ou adquisición dos dereitos afectados, obriga no caso de existir oposición e concorrencia de intereses públicos en xogo, un dos cales ten que ser sacrificado, ao pronunciamento motivado da prevalencia dun sobre o outro preexistente. Declarada a incompatibilidade, o Consello da Xunta resolverá sobre a prevalencia.*

*Para a determinación da prevalencia necesariamente ponderaranse os seguintes criterios:*

*a) A súa contribución ao abastecemento dos recursos mineiros demandados pola sociedade en condicións de sostibilidade económica e medioambiental de acordo coa Memoria presentada.*

*b) A incidencia relativa de cada un dos intereses no entorno natural e na paisaxe.*

*c) A súa interacción con outras infraestruturas de interese público existentes no territorio afectado e as alternativas para minorar ou compatibilizar os aproveitamentos (parques eólicos, liñas eléctricas, gasodutos...)”.*

**19.- O artigo 27** regula a resolución dos dereitos mineiros.

O **apartado 2 e)** do nomeado **artigo 27** establece como causa para a denegación dos dereitos mineiros a incompatibilidade con outro dereito preexistente, ou con infraestruturas de interese público no territorio da Comunidade Autónoma.

O CES entende que no dito apartado debería regularse non só a incompatibilidade, senón tamén a non prevalencia.

O CES considera que no **apartado 4** do **artigo 27** debería de eliminarse a referencia ao silencio administrativo, por entender que nas concesións mineiras póñense en xogo cuestións económicas, medioambientais e laborais de importancia que non deben ser solventadas a través do silencio administrativo.

**20.- O artigo 29** establece o contido dos dereitos mineiros.

O CES entende que, dentro do contido mínimo da resolución de outorgamento dos dereitos mineiros, deberían contemplarse as condicións de actividade dos establecementos de beneficio.

En moitos sectores a coexistencia da explotación e o establecemento de beneficio é a norma, e isto fai conveniente a tramitación conxunta de ambas as dúas nun só expediente, co fin de alixeirar os trámites que xa de por si resultan significativamente complexos.

O CES considera que se debería de modificar a redacción do **apartado 2 c)** do **artigo 29** de forma que quedase redactado do seguinte xeito:

*“c) A xestión dos residuos de actividades extractivas e o seu transporte, cando se realicen dentro da propia explotación”.*

**21.- O artigo 33** regula as garantías financeiras.

O CES reitera a consideración nº 6 feita no Ditame 4/04 sobre o anteproxecto de Lei de Ordenación da Minaría de Galicia.

*6.- O artigo 12 do Anteproxecto de Lei establece, dentro das condicións de exercicio dos dereitos mineiros, as garantías para o exercicio da minaría.*

*O CES considera que o importe establecido para a garantía de viabilidade do 100% do custo das operacións de restauración dos terreos parece excesivo por canto pode chegar a por en perigo a viabilidade da explotación mineira; así, debería establecerse como norma xeral que a garantía inicial cubrira o 80% do orzamento previsto no plan de restauración para as áreas afectadas, tal como acontece noutras Comunidades Autónomas. Neste senso, o CES entende que se debería prever a posibilidade de fraccionar ou reducir o importe da garantía variable en aqueles supostos nos que o Plan de Restauración se divida en fases de execución, do contrario, dificultaría o desenvolvemento das actividades mineiras descritas.*

*O CES considera necesario delimitar uns criterios obxectivos para a determinación do importe e a forma de fraccionamento destas garantías considerando que o custo dos traballos de restauración depende en cada caso directamente do tipo e das características da explotación, así como das condicións específicas da área afectada, establecéndose unha fianza axeitada ó orzamento e ó programa dos plans de restauración.*

*Neste senso, O CES entende que debería de ter en conta, á hora de establecer as garantías no anteproxecto de Lei, o Decreto 455/1996, de 7 de novembro que regula as fianzas en materia ambiental, que establece que para o outorgamento dunha autorización de proxectos, obras e actividades que fosen susceptibles de afectar o medio ambiente, en termos da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, cando en dita autorización se impoñan medidas correctoras, poderá esixirse a constitución dunha garantía persoal mediante aval, que garanta suficientemente o cumprimento destas medidas e a reparación dos posibles danos e o custo da restauración.*

## **22.- O artigo 35 regula o Plan anual de Labouras.**

O CES entende que, no desenvolvemento regulamentario do presente anteproxecto de lei, debería establecer a participación dos representantes legais dos traballadores no proceso.

**23.- O artigo 36** regula a convocatoria de concursos de dereitos mineiros.

O **apartado 2 a)** do citado artigo establece que dentro do contido mínimo das convocatorias estará unha documentación a presentar polo solicitante, dentro da que se encontra aquela documentación *que acredite constituír a fianza provisional*.

O CES entende que acreditar documentalmente a intención de constituír unha fianza provisional é difícil, polo que estima máis oportuno acreditar documentalmente *ter constituída dita fianza*.

**24.- O artigo 40** do anteproxecto de lei regula a investigación, dentro do fomento da minaría.

O CES entende que debería de sinalarse, entre as finalidades da investigación, a mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo.

**25.- O artigo 44** regula os beneficiarios dos incentivos económicos establecidos no Plan da Minaría de Galicia. Os catro apartados do artigo 44 establecen quen pode ser beneficiario das axudas e quen non.

O CES entende que este artigo debería reordenarse en dous puntos, distinguindo no primeiro deles quen pode ser beneficiario das axudas e no segundo quen non pode selo.

**26.- O artigo 49** regula as actas de inspección mineira.

O **apartado 2 do artigo 49** establece que as actas deberán asinarse polo funcionario ou funcionaria actuante e polo titular, explotador ou responsable do establecemento.

O CES entende que debería indicarse que as actas se estenderán por duplicado, con copia para o responsable do establecemento, tanto no suposto de que desexe asinala ou non, a efectos dos posibles recursos, sobre todo nas actas de infracción.

**27.- O artigo 65** regula a suspensión temporal ou caducidade.

O CES considera que se debería de dar audiencia previa aos interesados e interesadas nos expedientes de suspensión temporal e de caducidade.

**28.- O artigo 66** regula a publicidade das infraccións e sancións.

O CES entende, en primeiro lugar, que o órgano que exerza a facultade sancionadora deberá facer constar na resolución a publicación da infracción e sanción, polo que o CES propón a substitución da expresión: “*O órgano que exerza a facultade sancionadora poderá facer constar (...)*”, pola seguinte: “*O órgano que exerza a facultade sancionadora fará constar (...)*”.

Por outra banda, o CES considera que a publicidade das infraccións e sancións debería limitarse ás infraccións graves e moi graves que adquiriran firmeza definitiva na vía xudicial, se fose o caso.

**29.- A Disposición Adicional Primeira** refírese á atribución de competencias.

O CES considera necesario clarificar a redacción da nomeada Disposición.

**30.- A Disposición Adicional Terceira** refírese á inspección.

O CES entende que se debería de substituír a expresión: “*(...) deberán acreditar formación nesta materia*” por “*(...) deberán posuír formación nesta materia*”.

**31.- A Disposición Transitoria Primeira** refírese ás subvencións.

O CES entende que se debería de clarificar a redacción do primeiro parágrafo da nomeada Disposición.

Por outra banda, o CES considera que se debería de eliminar o segundo parágrafo da antedita Disposición por estar literalmente incluído na

Disposición Derradeira Terceira do presente Anteproxecto de Lei de Ordenación da Minaría de Galicia.

**32.- A Disposición Derradeira Segunda** modifica a Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. O **apartado 2** da nomeada Disposición modifica a Disposición Transitoria décimo segunda da lei 9/2002.

O CES entende que se debería manter a necesidade de elaboración do Plan Sectorial de Incidencia Supramunicipal de Actividades Extractivas, previsto na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e isto porque o problema máis importante para as explotacións mineiras, hoxe en día, son as cuestións urbanísticas, e, co fin de solucionar parte destes problemas e de dotar da seguridade xurídica imprescindible ao sector, o CES considera fundamental a elaboración e aprobación dun Plano Sectorial de Ordenación Territorial da Minaría Galega.

**34.- A Disposición Derradeira Cuarta** refírese ao desenvolvemento regulamentario.

O CES estima que no **apartado 2** da nomeada Disposición debería eliminarse o termo “*igualmente*”.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2007

Vº e P.  
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

P.A.: Manuel Caeiro Varela

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano